

Procedemento: Selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal en réxime de interinidade, dun posto de xastre/a (ED.A19.40.901.15001.080)

Asunto: Resolución definitiva de persoas admitidas e non admitidas

O tribunal nomeado mediante Resolución, do 21.11.2023, da persoa que ostenta a titularidade da Dirección de Agadic, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, para cualificar o proceso de selección para a contratación mediante relación laboral temporal en réxime de interinidade, en sesión que tivo lugar o 23.01.2024

ACORDOU:

Primeiro.- Logo de que a Resolución provisional de persoas admitidas e non admitidas ao procedemento de selección fose publicada na páxina web da Axencia con data 15.01.2023 e non se formularan alegacións no prazo de 3 días hábiles concedido a tales efectos, elevar a definitivas as listaxes provisionais de persoas non admitidas e admitidas ao procedemento de selección, que se relacionan, respectivamente, no **Anexo I**, indicando a causa da súa non admisión, e no **Anexo II**, por orde de prelación segundo a puntuación obtida en función dos méritos alegados e en aplicación do baremo establecido nas bases do procedemento.

Segundo.- Publicar na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (www.industriasculturais.gal), segundo dispón a base 5.3 deste proceso de selección, a listaxe definitiva de persoas admitidas (**Anexo II**), coa expresión da puntuación obtida e coa correspondente orde de prelación.

Terceiro.- De acordo co disposto no punto 5.4 das bases da convocatoria, a persoa aspirante con maior puntuación acadada segundo a listaxe definitiva do **Anexo II** para a cobertura temporal do posto de Xastre/a, grupo IV, categoría 24, código ED.A19.40.901.15001.080, deberá presentar, **no prazo de tres días hábiles** desde que se faga pública a listaxe definitiva de admitidos, a documentación requirida para a formalización do correspondente contrato de traballo, así como para as altas, tanto en nómina como na seguridade social.

Cuarto.- De acordo co disposto no punto 5.5 das bases da convocatoria, se a persoa candidata seleccionada non presentase toda a documentación requirida no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación, resultará automaticamente seleccionada a seguinte persoa aspirante, segundo a orde de prelación da listaxe definitiva publicada, que deberá presentar no prazo requirido a documentación oportuna para formalizar esta contratación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do Tribunal de selección
María A. Antón Vilasánchez



ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS NON ADMITIDAS

PERSOA SOLICITANTE	MOTIVO DA NON ADMISIÓN
Bouzas Gestal, Paulino	2, 3,4, 5
Casas Yáñez, Ana	2,3,4,5
Uzal Ulloa, Rebeca	2,3,4, 5

Causa da non admisión:

Código

- | | |
|---|---|
| 1 | Fóra de prazo |
| 2 | Copia DNI |
| 3 | Titulación. |
| 4 | Documentación acreditativa dos méritos alegados |
| 5 | Anexo III debidamente cuberto |



ANEXO II

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS POR ORDE DE PRELACIÓN DA
PUNTUACIÓN OBTIDA

PERSOA SOLICITANTE	DNI	PUNTUACIÓN
Vieites Pérez, Mercedes	***3709**	2,85
Ríos Bermúdez, Sandra	***9519**	2,3
Varela López, Víctor	***4180**	2,15
López Otero, Carmen	***6705**	1,85
Nogareda Cotelo, Ana María	***5287**	0,8

